

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PRESTACIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 4 establece que o Sistema Galego de Servizos Sociais rexerese polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo 2 da lei faise referencia o catálogo de Servizos Sociais, e concretamente no artigo 21.2.b inclúense dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia e necesidade social.

Os Servizos Sociais Comunitarios constitúen o primeiro nivel de acceso ó Sistema Público de Servizos Sociais e pro- porcionan unha atención que ten por obxecto favorecer o acceso aos recursos dos sistemas de benestar social, xerando alternativas ás carencias ou limitacións na convivencia, favorecendo a inclusión social e promovendo a cooperación e solidariedade social nun determinado territorio.

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º Obxecto e réxime xurídico

1. Obxecto:

A presente Ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das Axudas de Emerxencia Social no Municipio de Cedeira. Con estas Axudas de Emerxencia Social preténdese apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas con relación á alimentación, aloxamento, necesi- dades básicas de mantemento de vivenda habitual, vestido, educación e formación, atención sanitaria non cubertas polos diferentes sistemas públicos. Así como evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos suficientes provoca e que afectan ao normal desenvolvemento das persoas en sociedade.

2. Réxime xurídico:

A concesión polo Departamento de Servizos Sociais das prestacións municipais, rexerese polo disposto na normativa e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento. En concreto, a presente Ordenanza desenvólve-se ao abeiro das facultades que confire a este Concello a normativa vixente, en particular o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como nos artigos 25.1, 27.1, 27.3 c) da mesma Lei, exercitando a potestade normativa que regulan os artigos 4.1 a) e 84.1 da citada Lei 7/1985.

Artigo 2º Concepto

1. Considéranse axudas de emerxencia, aos efectos da presente Ordenanza,

aquelas prestacións económicas de pago único e carácter extraordinario destinadas a resolver situacións puntuais de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións nas que non estean cubertas as súas necesidades básicas.

2. As Axudas de Emerxencia Social caracterízanse por:
 1. O seu carácter finalista, debendo destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada no acordo de recoñecemento da axuda, feito que debe quedar acreditado.
 2. O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente
 3. O seu carácter persoalísimo e intransferible.
 4. O seu carácter transitorio, e non periódico.

Artigo 3º Contido das axudas

1. As Axudas de Emerxencia Social aquí reguladas destinaranse á satisfacción dunha necesidade primaria e esencial para a subsistencia da persoa e da súa unidade familiar.

2. Aos efectos desta Ordenanza considéranse situacións de extrema e urxente necesidade susceptibles de ser atendidas mediante unha Axuda de Emerxencia Social as seguintes:

a) Gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento:

Gastos necesarios para conservar o uso da vivenda ou aloxamento, sexa cal fora a causa que os xere: situacións de emerxencia (tales como desahucio) ou de sinistro (tales como incendio, inundación, ruína); ou outras causas imprevisibles e/ou inevitables que obrigarán ao seu abandono.

Fianzas para aluguer

Mensualidades do aluguer

Mensualidades da hipoteca

Auga, enerxía eléctrica, gas ou outros subministracións esenciais

b) Necesidades básicas de subsistencia:

· alimento

· vestido

· gastos sanitarios e farmacéuticos non cubertos polos diferentes sistemas públicos e que foran de vital necesidade a xuízo de facultative

c) Outros gastos relativos á educación dos menores ou da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas e foran fundamentais para a continuidade da súa asistencia

d) Outras non relacionadas nos apartados anteriores, consideradas de primeira e urxente necesidade, sempre que así se xustifique suficientemente no informe social elaborado ao efecto.

Non son susceptibles desta axuda:

1. Os gastos derivados de obrigacións tributarias e débedas coa Seguridade Social.
2. Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de ordenanzas municipais.
3. Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.

Artigo 4º Contía das axudas

A contía máxima da axuda estará en función da situación puntual de emerxencia que se pretenda atender:

a) Cando se outorguen para a cobertura das “necesidades básicas de subsistencia” ata un 75% da contía mensual establecida para o IPREM no exercicio económico que corresponda segundo a data da resolución de concesión, e cun máximo de tres axudas por ano.

b) Cando se outorguen por calquera outro concepto ata un máximo do 100% da contía mensual establecida para o IPREM no exercicio económico que corresponda segundo a data da resolución de concesión, e cun máximo de tres axudas por ano.

As referencias ao IPREM entenderase efectuado ao IPREM 14 pagas.

Artigo 5º Abono das axudas.

O abono das axudas efectuarase polos Servizos Económicos Municipais, mediante transferencia á conta bancaria designada pola persoa beneficiaria ou mediante pagamento directo ao proveedor ou emisor do recibo ou factura correspondente, con cargo á partida destinada a este fin e co límite dos créditos consignados na mesma.

Artigo 6º Destinatarios

Beneficiarios:

· Poderanse beneficiar destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares no mesmo domicilio. Entendemos por unidade familiar o núcleo de convivencia, composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

· Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

Naqueles supostos en que dentro dunha mesma unidade familiar existan varias persoas susceptibles de ser beneficiarias desta axuda e formulasen solicitude para atender ao mesmo gasto, tratarase como problema social único e conxunto e só se recoñecerá a aquela que, reunindo os requisitos establecidos, proceda a valoración dos Servizos Sociais.

Artigo 7º Requisitos xerais:

1) Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

2) Estar empadroad/a no Concello de forma ininterrompida cunha antelación mínima de 6 meses á data de presentación da solicitude. Excepcionalmente poderán ser beneficiarias as persoas que non cumpran este requisito, previo informe do/a traballador/a social do Concello, sempre que a gravidade ou urxencia da situación fagan necesaria esta axuda.

3) Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario dunha Axuda Municipal de Emerxencia Social para a mesma finalidade, dentro do mesmo ano natural (agás o disposto para as necesidades básicas de subsistencia).

4) Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario de axudas concedidas por outra Administración Pública, organismo ou entidade, para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico, que cubran o 100% da necesidade pola que se solicita a prestación.

5) Acreditar a situación de necesidade a xuízo dos servizos sociais comunitarios.

6) Carecer de medios económicos para facer fronte á situación de emerxencia de conformidade cos baremos establecidos no artigo seguinte.

7) Estar integrado/a nun proxecto de intervención social, ou en caso contrario, aceptar expresamente as condicións que figuren no proxecto de intervención social que se lle elabore ao efecto polos servizos sociais comunitarios

8) Non dispoñer de máis dun vehículo ou inmovible na unidade familiar, calquera que sexa o seu titular

9) Aportar a documentación que sexa pertinente en cada caso.

Artigo 8º Requisitos económicos.

Considérase carencia de medios económicos aos efectos do establecido no artigo 7.6 desta ordenanza, cando os recursos económicos netos mensuais (unha vez descontados no seu caso, os gastos derivados do préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda, ata un máximo de 300 euros/mes) non sexan superiores ao 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) para un solo membro.

Esta porcentaxe incrementarase nun 10 % do IPREM por cada membro da unidade familiar a partir do segundo:

- unidade familiar de 2 membros: ata o 85% do importe do IPREM
- unidade familiar de 3 membros: ata o 95% do importe do IPREM
- unidade familiar de 4 membros: ata o 105% do importe do IPREM
- unidade familiar de 5 membros: ata o 115% do importe do IPREM; e así sucesivamente

Para facer o cálculo tomaranse como referencia os tres meses anteriores á data de presentación da solicitude, nos que non se poderán superar estes límites.

Artigo 9º Obrigas dos beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as dunha Axuda Municipal de Emerxencia Social as seguintes:

- Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida
- Comunicar os cambios que teñan lugar en relación co cumprimento dos requisitos xerais e/ou económicos
- Facilitar a labor dos servizos sociais comunitarios con tanta información sexa necesaria para a elaboración dos informes sociais que resulten procedentes, mantendo en todo momento unha actitude colaboradora

- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou a contía indebida ou excesiva

Artigo 10º Seguimento das axudas

Os servizos sociais comunitarios serán os encargados do seguimento das situacións de necesidade polas que se conceden as axudas municipais de emerxencia social, así como de realizar as comprobacións que estimen oportunas respecto das actividades subvencionadas.

TÍTULO II. NORMAS DE PROCEDIMENTO

Artigo 11º Solicitud

As solicitudes irán dirixidas ao Alcalde - Presidente, segundo o modelo establecido (Anexo I); e presentaranse no rexistro xeral do Concello, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes irán firmadas polo interesado ou polo seu representante legal e poderán presentarse en calquera momento do ano.

Artigo 12º Documentación

A documentación que se deberá presentar xunto coa solicitude é a seguinte (Anexo II):

a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte dos membros da unidade familiar de convivencia que o posúan.

b) Fotocopia do Libro de Familia si é o caso, ou no seu defecto documento acreditativo da garda, custodia ou tutela.

c) Declaración responsable das axudas e importes recibidos para as mesmas finalidades (ou de non ter recibido ningunha), así como compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que resulte concedida, segundo o modelo establecido no Anexo III.

d) No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade, certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acrediten as mesmas.

e) No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou documento acreditativo correspondente.

f) No caso de separación ou divorcio, deberá presentar documentación acreditativa da situación, e de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.

g) No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá aportar receita médica do Sergas e documentación acreditativa da farmacia indicando a contía que ten que asumir o interesado.

h) No caso de solicitar axudas para facer fronte a situacións de emerxencia derivadas de gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento: fotocopia do contrato de aluguer xunto con declaración responsable do propietario da vivenda na que se acredite a existencia dunha débeda e o importe da mesma; xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso; xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pago (luz, auga, etc); presuposto do material e/ou de calquera outro equipamento obxecto da axuda que se constate necesario.

i) Xustificantes de ingresos así como do patrimonio de todos os membros da unidade familiar de convivencia independente segundo o modelo establecido no Anexo IV xunto coa seguinte documentación:

-Extractos de movementos de contas bancarias correspondentes aos últimos 6 meses anteriores á petición da axuda pertencentes a todos os membros da unidade familiar.

-No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandantes de emprego e certificado de prestacións de desemprego; ou no seu defecto, certificado negativo emitido polo INEM

-Cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso ou importe do aluguer da vivenda

-Copia do contrato de traballo dos membros que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada de forma regular e copia das tres últimas nóminas

-Vida Laboral do solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos

-Certificado de percibir ou non prestacións ou pensións da Seguridade Social.

-Fotocopia da última declaración do IRPF, e no caso de non ter que presentala, certificación negativa de IRPF; ou ben, autorización para acceder aos datos do IRPF (Anexo V)

j) Certificación bancaria de número de conta

k) Outros documentos específicos segundo as circunstancias da necesidade.

Todos os documentos que acompañen ás solicitudes deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

Os servizos sociais comunitarios poderán solicitar do interesado calquera outro documento que consideren necesario para a adecuada valoración e/ou resolución do expediente.

Garantirase a confidencialidade dos datos e o seu adecuado procesamento, debendo respectarse en todo caso o disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos.

Artigo 13º Tramitación

A solicitude unha vez rexistrada trasladarase ao Departamento de Servizos Sociais do Concello.

1.- Si a solicitude non reúne os datos e documentos aludidos anteriormente requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que si así non se fixera, teráselle por

desistido da súa petición, arquivándose esta sen mais trámite, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A solicitude e documentación presentada será estudada e valorada polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello. Este persoal técnico emitirá un informe escrito no que se porá de manifesto se o interesado cumpre ou non os requisitos sinalados para percibir as prestacións solicitadas e reguladas nesta ordenanza.

4. O Alcalde-Presidente do Concello, unha vez visto o informe social, asinará a proposta de concesión ou denegación da axuda de emerxencia social solicitada.

5. Si a proposta é de concesión darase traslado do expediente ó Departamento de Intervención Municipal que deberá emitir o preceptivo informe de fiscalización.

6. Por último elaborárase a resolución de concesión ou denegación da axuda solicitada que será notificada ó interesado.

7. O prazo máximo para resolver a solicitude será dun mes (1 mes) contado a partir do rexistro da solicitude, ou dende a subsanación da documentación, no seu caso. Se transcorrido este prazo non obtén contestación, considerarase desestimada.

Artigo 14º Xustificación

1. Na resolución de concesión exprésase a obriga do/da beneficiario/a de xustificar a aplicación da axuda á situación de necesidade á que se orientaba.

2. A xustificación da axuda realizarase no prazo máximo dun mes (1 mes) desde a súa concesión, mediante a presentación de facturas, recibos ou xustificantes que acrediten de forma fidedigna os gastos realizados.

3. As facturas e xustificantes presentados a efectos da xustificación deberán ser orixinais e conter, como mínimo, os datos do seu emisor e destinatario, facendo constar o seu número de identificación fiscal, o ben ou servizo obxecto da contraprestación e o importe do mesmo, con expresión da parte correspondente ao IVE, e a data de expedición da mesma.

4. Dado o carácter destas axudas, excepcionalmente admitiranse outras formas de xustificación que serán valoradas polo persoal do Departamento de Servizos Sociais e Intervención Municipal.

Artigo 15º Denegación da prestación

A denegación das solicitudes, que deberá ser motivada, procederá por algunha das seguintes causas:

4. Non cumprir os requisitos esixidos.

5. Negativa a subscribir e negociar un proxecto de inserción.

6. Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo e/ou co apoio dos seus familiares, representante legal ou gardadores de feito.

7. Corresponder a atención ao solicitante a outra administración pública ben pola natureza da prestación ou por razón de residencia.

8. Por constar no seu expediente persoal non ter cumprido noutras ocasións en que se concedesen axudas puntuais de emerxencia coas obrigacións mínimas impostas no acordo e convenio de concesión.

9. Por calquera outra causa debidamente motivada.

Artigo 16º Desestimento e renuncia

A persoa solicitante poderá desistir da súa solicitude ou renunciar ao seu dereito á prestación recoñecida, mediante escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello. Ditarase resolución na que se exprese a circunstancia en que concorre con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Artigo 17º Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades obtidas en concepto de Axuda de Emerxencia Social, coa esixencia do interese de demora establecido legalmente, nos seguintes casos:

- a) Ter obtido a axuda falseando ou ocultando datos que determinasen a súa denegación.
- b) Destinar a axuda a outros fins distintos daqueles que se especificasen na resolución de concesión.
- c) Non xustificar a aplicación da Axuda.
- d) Nos demais casos previstos na lexislación reguladora de subvencións.

Artigo 18º Infraccións e sancións

O Réxime de Infraccións e Sancións será o establecido no Título IV da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Artigo 19º Recursos

Contra a resolución de concesión ou denegación de axudas que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer ou recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel en que recibise esta notificación de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo que corresponda, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á data en que recibise esta notificación. Tamén poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.-Habilítase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda.-En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

ANEXOS:

ANEXO ISOLICITUDE
ANEXO IIDOCUMENTACIÓN
ANEXO IIIDECLARACIÓN DE AXUDAS E COMPROMISOS
ANEXO IVDECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS
ANEXO VAUTORIZACIÓN DE ACCESO A DATOS FISCAIS

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

EXPEDIENTE:

DATA:

EXP.XERAL/SIUSS Nº:

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME_APELIDOS _____ NIF: _____

DATA DE NACEMENTO: / / ESTADO CIVIL: _____

ENDEREZO: _____ CP _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____ Teléfono: _____

Teléfono móbil: _____ Correo electrónico/e-mail: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE (si procede)	
NOME_APELIDOS _____	NIF: _____
_____ RELACIÓN CO SOLICITANTE _____	
ENDEREZO: _____	CP _____
CONCELLO: _____	PROVINCIA: _____ Teléfono: _____
Teléfono móvil: _____	Correo electrónico/e-mail: _____

EXPOÑO

Que SOLICITO UNHA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL EN CONTÍA DE EUROS

En CONCEPTO DE: (marcar cun X segundo corresponda)

- 1.Gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento
 - 5.Gastos necesarios para conservar o uso da vivenda ou aloxamento, sexa cal fora a causa que os xere: situacións de emerxencia (tales como desahucio) ou de sinistro (tales como incendio, inundación, ruína); ou outras causas imprevisibles e/ou inevitables que obrigaran ao seu abandono.
 - 6.Fianzas para aluguer
 - 7.Mensualidades do aluguer
 - 8.Mensualidades da hipoteca
 - 9.Auga, enerxía eléctrica, gas ou outros subministracións esenciais

 - 2.Necesidades básicas de subsistencia:
 - 3.Alimento
 - 4.Vestido
 - 5.Gastos sanitarios e farmacéuticos non cubertos polos diferentes sistemas públicos e que foran de vital necesidade a xuízo de facultativo

 - 3.Outros gastos relativos á educación dos menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas e foran fundamentais para a continuidade da súa asistencia.

 - 4.Outras non relacionadas nos apartados anteriores, consideradas de primeira e urxente necesidade, sempre que así se xustifique suficientemente no informe social elaborado ao efecto.
-

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 10. Que son certos os datos que figuran na solicitude

- 11. Que cumpro os requisitos esixidos para ser beneficiario dunha axuda municipal de emerxencia social

- 12. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

Cedeira,.....de..... de

A/A ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO A SOLICITUDE

(MARCAR CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA SEGUNDO O QUE CORRESPONDA)

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte de tódolos membros da unidade familiar de convivencia que o posúan.
- Fotocopia do Libro de Familia si é o caso.
- Declaración responsable das axudas e importes recibidos para as mesmas finalidades (ou de non ter recibido nin- gunha), así como compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que resulte concedida, segundo o modelo establecido no Anexo III.
- Presuposto correspondente á solicitude da axuda, no seu caso.
- No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade deberán aportar o certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acrediten as mesmas.
- No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou documento acreditativo correspondente.
- No caso de separación ou divorcio, deberá presentar documentación acreditativa da situación, e de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.
- No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá aportar receta médica do Sergas e documentación acreditativa da botica indicando a aportación que ten que asumir o interesado.
- No caso de solicitar axudas para facer fronte a situacións de emerxencia derivadas de gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento: fotocopia do contrato de aluguer xunto con declaración responsable do propietario da vivenda na que se acredite a existencia dunha débeda e o importe da mesma; xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso; xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pago; presuposto do material e/ou de calquera outro equipamento obxecto da axuda que se constate necesario.
- Declaración xurada de ingresos así como do patrimonio de todos os membros da unidade familiar de convivencia segundo o modelo establecido no Anexo IV, xunto coa documentación establecida para acompañar á mesma.
- Copia ou certificación bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta.
- Outros documentos específicos segundo as circunstancias da necesidade:

.....
.....
.....

Cedeira.....de..... de

A/A ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS RECIBIDAS

Don/Dona.....
..... con DNI

SOLICITANTE dunha axuda municipal de emerxencia social do Concello de Cedeira,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- que non recibín axuda para a mesma finalidade por parte doutro organismo, entidade ou administración pública
- que si recibín unha axuda para a finalidade de por importe de€, en data.....por parte de
(indicar o organismo, entidade ou administración pública de que se trate)

Asemade, COMPROMÉTOME no caso de concesión da axuda de emerxencia social a:

- cumprir as obrigas establecidas nesta ordenanza como destinatario/a da mesma.
- comunicar aos servizos sociais comunitarios á maior brevidade posible todas aquelas variacións que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- destinar a cantidade percibida á finalidade para a que foi concedida; ou a reintegrar o seu importe en caso contrario.
- Permitir e facilitar a actuación dos servizos sociais comunitarios para a realización das funcións atribuídas nesta ordenanza.

Cedeira,.....de..... de

A/A ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS

Don/Dona.....
con DNI

SOLICITANTE dunha axuda municipal de emerxencia social do Concello de Cedeira,

A) DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que os ingresos e o patrimonio dos membros da unidade familiar de convivencia son os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS *	PATRIMONIO

(* deberá indicar os ingresos netos mensuais nos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude)

B) DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que o patrimonio da unidade familiar de convivencia está integrado polos seguintes bens:

INMOBLES		VEHÍCULOS
Dirección	Ref. Catastral	Matrícula

<p>Deberá acompañar ao presente Anexo a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none">10) Extractos de movementos de contas bancarias correspondentes aos últimos 6 meses anteriores á petición da axuda pertencentes a todos os membros da unidade familiar.11) Cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso ou importe do aluguer da vivenda12) Fotocopia da última declaración do IRPF, e no caso de non ter que presentala, certificación negativa de IRPF; ou ben, autorización para acceder aos datos do IRPF (Anexo V)13) No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandantes de emprego e certificado de prestacións de desemprego; ou no seu defecto, certificado negativo emitido polo INEM14) Vida Laboral do solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos15) Certificado de percibir ou non prestacións ou pensións da Seguridade Social.16) Copia do contrato de traballo dos membros que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada de forma regular e copia das tres últimas nóminas <p>Cedeira,.....de..... de</p> <p>A/A ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA</p>		

ANEXO V

AUTORIZACIÓN DO/A INTERESADO/A PARA A OBTENCIÓN DE DATOS FISCAIS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENTA (IRPF) E PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO OU PATRIMONIAL A OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cedeira a solicitar á Axencia Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da solicitude de subvención ou axuda.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda solicitada en aplicación do disposto pola disposición adicional 4ª da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e a Lei 58/2003, xeral tributaria que permiten, previa autorización do/a interesado/a, a cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACION TRIBUTARIA AUTORIZADA:

Datos que posúe a axencia tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 201

Nome	Apelidos
NIF/NIE	Sinatura

Datos doutros membros da familia, cuxos ingresos son computables segundo para o recoñecemento, seguimento e control da axuda ou subvención.

Parentesco	Nome e apelidos	NIF/NIE	Sinatura

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cedeira a recabar a información que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos e o patrimonio da unidade de convivencia dirixíndose aos organismos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou librando o correspondente oficio, para o recoñecemento, seguimento e control da solicitude de subvención ou axuda.

Cedeira, de de 20

A autorización concedida por cada asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.